

POEMA DE ESCEA MARIÑEIRA

Sen notas que tocar, alguén teceu nunha arpa
un feixe de teas rotas para o ceo.

Baten as mareas na madeira das bateas que roe a sal,
e o sol quebra tamén a pintura da lanchiña
que pronto volverei pintar.

Sopla o ar e, acariñándoa, fai danzar a roupa no tendal.

E no medio de todo este silencio resoa, atronador,
o agromar da semente que un día demos en plantar.

Sobre a area, *Cultura* escríbese con pel.

A stylized, handwritten signature in black ink, appearing to be 'Górriz'.

Óscar Górriz. Xuño de 2026.

Poema pertencente á serie “LUS’ Paisaxes das Culturas do Barbanza”.